

Desde o seu primeiro poemario, *Silencios e conversas de inverno*, publicado en 1978, até este último *O paraíso das sombras*, Cesáreo Sánchez Iglesias leva xa tres décadas regalándonos palabras que nos serven de conforto, axuda e espello no noso camiñar pola vida. Recóllense baixo títulos tan significativos como *Antonte das salamántigas*, *Ortigas da memoria*, *A árbore das sete palabras*, *O rumor do distante* ou *Variacións nube* e conforman un corpus no que Lur Sotuela destacaba, en 2006, co gallo da publicación da antoloxía persoal *Escrita luz*, que

Hay poetas que escriben poesía; otros, sin embargo, erigen librerías perdurables, inabarcables, con los libros que van escribiendo, hasta que sus letras traspasan el tiempo. Éste es el caso de Cesáreo y también de su palabra.

Agora, o escritor comparte connosco *O paraíso das sombras*, un libro que se sitúa a medio camiño entre a poesía e a prosa poética e onde se xoga, formalmente, coa recorrencia do número tres, a cifra do ser supremo, o signo no cal Aristóteles viu a imaxe da harmonía e Pitágoras albiscaba unha virtude secreta, unha acción singular e unha influencia elocuente sobre todas as cousas, causas e efectos porque, como exclamou Virxilio, “omnia trinum perfectum” (“todo é perfecto no tres”). No libro de Cesáreo, esta cifra acompaña o noso tránsito polas súas páxinas de xeito que son tres as liñas que conforman cada parágrafo, tres os textos que se reúnen a modo de unidade baixo un ordinal romano e tres as liñas temáticas presentes no poemario: a infancia do eu, a historia de Galicia e a terra natal da Povanza. E mesmo desde un punto de vista máis global, no propio conxunto da obra que Cesáreo Sánchez Iglesias nos foi aportando ao longo destes xa trinta anos de oficio poético, adóitase establecer unha división ternaria que comprende o ciclo das orixes ou do silencio, o ciclo da auga e o ciclo da

luz. Neste último intégrase *O paraíso das sombras*, unha obra chea da luz da memoria.

Simbolicamente, o tres representa a orde intelectual e espiritual, aínda remitindo, en realidade, ao un, como acontece na relixión cristiá onde tres son as persoas pero só hai un Deus verdadeiro e na cábala que entende ao principio actuante da acción -ou suxeito-, á acción en si mesma e ao seu obxecto -ou resultado- como fases dun único proceso. Pero é que, ademais, o tres está en todo o que nos rodea a cotío: nos compoñentes do Universo (materia, movemento e espazo), nun ciclo de principio, medio e fin que atinxe a todas as cousas materiais; nos niveis en que se desenvolve a vida humana (material, racional e espiritual), nas medidas que o tempo nos permite (pasado, presente e futuro), na clasificación xeométrica dos corpos atendendo aos parámetros da forma, a densidade e a cor; nos tres reinos aos que pertencen todos os seres segundo os taxonomistas (animal, vexetal e mineral), nos estados naturais propios dos corpos (sólido, líquido e gasoso), nas cores primarias (amarelo, azul e vermello) que son fonte e orixe de todas as gamas, etc. A propia creación artística é tamén unha actividade tripla onde están implicados o creador, o acto de crear e a propia obra ou creatura. Mais, para alén disto, a recorrencia do tres en *O paraíso das sombras*, permítelle ao poeta construír un poemario-triduo que atende simultaneamente ao pasado do eu, á historia do pobo e á crónica da Terra de Maside, de xeito que a voz poética se despraza no tempo e no espazo a épocas, máis ou menos remotas, establecendo vínculos trascendentes co que nos explica como seres individuais pero tamén como integrantes dunha grei. Así, percibimos neste volume un reflexo do que o filósofo e psicanalista Carl Gustav Jung denominou “individuación”, é dicir, o proceso de construción da consciencia no ser humano. Jung asocia esta gran metáfora da vida ao símbolo da trindade, tanto porque entende que toda persoa establece o vínculo co pai, antes de ser fillo e poder elevarse en

forma de espírito, como porque se vai desenvolver en tres estadios: un primeiro de confusión e temor cando o neno se dá conta da súa existencia – que nos remite, pois, á infancia-, un segundo no que o individuo se nega a si mesmo procurando o ben común mentres desenvolve a súa identidade tribal –que nos leva a afondar na historia do noso pobo- e, finalmente, un terceiro que se inicia cando o ser resalta a súa diferenza a respecto do resto de conxéneres –representado neste libro pola pescuda na terra natal como orixe do eu. Polo tanto, *O paraíso das sombras* artéllase sobre todo aquilo que devén alicerce do ser, do individuo e do eu igual que acontece nas etapas da inviduación.

Xa nun dos primeiros textos do volume, afírmase que “o poema /buscaba a abolición do silencio” e esa máxima acabará sendo o *leitmotiv* que leve ao escritor na procura da “herdanza que fixo suco e teceu” tantos sonhos, tantas horas, tantas palabras coas que erguer a súa biografía. Á alba, o eu volta en tren á aldea natal da Povanza onde o agardan todos os ancestros, nomeados como mamábenigna, tíodavid, papáeuloxio, tíacarmiña, mamácarme, mamáteresa, papáantonio... Esta viaxe facilítalle o reencontro coa estirpe pero tamén co neno que camiñaba indeciso polos lastros desa Rúa Vella que, durante os primeiros anos, constituíu todo o seu horizonte vital. O encontro é doloroso por máis que voltemos ao ámbito dos adentros, do fogar, a ese territorio da infancia que Rilke sinalaba como a verdadeira patria do ser humano. E a dor nace da consciencia de que o tempo imprimiu sobre ese entorno e sobre os seus habitantes unha marca indeleble e, nalgúns casos, mortal pois, aínda os que sobreviven, están vencidos polo peso dos anos e da historia e o eu sente sobre si a grave carga do seu desánimo. Parellamente, a man humana foi modificando o entorno, destruindo lugares emblemáticos para o protagonista que se nomean cos topónimos e microtopónimos da Terra de Maside: Louselas, Piteira, Garabás, o Irixo, as gándaras de Budiño, Moleitas, Mundín, Oseira,

a casa de Abaixo, o río da Laxa... O eu percíbeos xa alterados dunha forma irremediable por máis que trate de ancoralos no intemporal converténdoo en símbolo como esa Povanza, terra mítica, que, definida cunha mirada cómplice pero á vez crítica, obriga ao ser a enfrontar a súa degradada imaxe actual co recordo de como era noutras épocas. Por iso o eu descríbea deste xeito:

A Povanza era entón unha palabra que algunha vez ardeu,
onde esvara a chuvia/ con gotas de ámbar feitas cor e lenta curva.
Unhas poucas casas de pedra e tella/ de barro, construídas ás
orelas das lousas dunha vía romana. Translúcida nos días// de
chuvia como río que transcorre nun leite de pedras pulidas e
brancas. A noitiña/ acariñábame o rosto, soñábame. Cando acabei
a descrición da Terra de Maside/ eu era ela

Neste exercicio de recrear a terra natal atopamos mesturados varios discursos que van do máis íntimo ao ético, da épica á denuncia das graves agresións históricas e medioambientais que se teñen dirixido contra ela. Pero A Povanza actual contrasta coa antiga que segue existindo nos recordos xa que, como afirma o eu, “O visíbel da miña nenez era/ amado e cálido, durmía na outra realidade dos meus soños” onde aínda non se percibira a ameaza das sombras que “viven deste xeito a súa identidade de nube, cangada polo peso dos recordos”. Un ton de saudade paira sempre sobre a terra de orixe e prepara ao eu para entrar na segunda fase da individuación cando se perde ese estado de inconsciencia paradisíaca propia da infancia e aflora a identidade tribal. Sabemos que se produce este avance porque o poeta escribe: “camiño en soidade ao fin de alcanzar os que fun sendo e aínda están” e este desexo de reencontrarse cos outros obriga ao eu a adoptar unha mirada histórica retrospectiva que lle permite

interactuar con personaxes do mundo mítico e cultural, da historia política e bíblica, pero tamén con outros anónimos que representan a bondade, o terror ou a esperanza. O eu desprázase no tempo para vivir outras vidas, todas as vidas e todas as emocións que se lle permiten a un ser que actúa ademais como cronista do pasado. “Non toleramos o peso do descoñecido”, afirma, pero tampouco ás veces a contundencia da verdade cando nos abafa co medo, a destrución, a dor propios desta segunda etapa do proceso de inviduación que se relaciona sempre coa dualidade e o conflito. Así, por un lado, o eu madura esculcando no que aínda é antes de deixalo atrás e, polo outro, mergulla nese conxunto de mitos, arquetipos, lendas, folclore, soños e fantasías que conforman o que Jung denominou como inconsciente colectivo, o legado máis valioso do pobo dos Fillos da Choiva. Desta maneira, o eu é cazador en Dombate, viaxa polo gume da historia até o monte Medulio, escoita a palabra sabia de Exeria e Prisciliano, participa na construción da gran catedral de Santiago, canta con Nuno Fernandes Torneol e Joan Zorro de Bonaval en “unha lingua/ que ten rostro e nos precede”, padece a peste negra, resiste os embates dos Homes Salamántiga e do Home Escorpión, vive os Séculos Escuros, embarca no momento do grande éxodo cara a América pero tamén loita contra os Homes do Capirote, contra os ingleses, contra o invasor francés nas loitas decimonónicas e padece a negritude da guerra civil e do franquismo onde exerce toda a súa tiranía o Home Aguia... De todo este periplo histórico, vai dando fe no Caderno Riscado porque só nel, “nas súas páxinas, soubemos da nosa entraña”, do “secreto respirar dos días”, dese paraíso oculto agora polas sombras.

Este tránsito pola historia que nos explica como pobo, abre a terceira vía no proceso de inviduación, a do espírito, onde conflúen no ser intuición, pensamento e sentimento. O eu admite que “non sinto a vida senón cando no silencio da auga// se confunde con outras”, co que outros

viviron antes de nós e co que vivirán posteriormente pero tamén sabe que a súa misión é particular, intransferible. Nesta etapa, o individuo asume e resalta os riscos que o fan diferente e único mentres crea un territorio propio que lle sirva de refuxio fronte ás agresións do tempo e da historia. E, para construílo, recorre a unha das materias máis sólidas, a palabra, elemento para el balsámico, necesario, porque, como xa dixo Adrienne Rich, “A poesía é sobre todo unha concentración do poder da linguaxe, que é o poder da nosa máxima relación con todo o que existe no universo”. Nese universo persoal e intransferible que Cesáreo nos achega neste libro facendo gala da súa intelixencia introspectiva que se desprega no intre da creación, tal e como percibiu Olga Novo. Así, afirma o noso poeta que “Nada nos di a palabra soa e sen rumbo antes de chegar ao verso” porque as palabras son elos co mundo ou citando textualmente, “Cada palabra era un ser que chove e vive de nacer outras palabras”, nunha cadea sen fin. Grazas á súa mestría coa linguaxe, logra Cesáreo transmitirnos os coñecementos e os soños desas épocas pasadas que permanecerán sempre arredor da soidade dos vivos, inscritas na súa memoria sensorial e sentimental pero tamén nas páxinas de libros que, como este *O paraíso das sombras*, conteñen o legado máis profundo e íntimo dun ser que reconece: “Quen semella que fun e quen serei vivía no Paraíso das sombras” e agora sae á luz.

TERESA SEARA

Na presentación de *O paraíso das sombras*, na Coruña, 2 de outubro de

2009